



BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS (PONTEVEDRA), DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO E CONSTITUTIVO (MANDATO 2015-2019), CELEBRADA O 13 DE XUÑO DE 2015.

En Salceda de Caselas, a 13 de xuño de 2015

ASISTENTES

Concelleiros/as electos/as

BESADA PÉREZ, Marcos David (MS)
PÉREZ PÉREZ, Carla María (MS)
CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores (MS)
GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS)
LORENZO GONZÁLEZ, Cándido (MS)
PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS)

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, Mirian (PP)
GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP)

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP)

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP)
VALCÁRCEL BERNÁRDEZ, Ángela (PP)

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PSdeG-PSOE)
MARTÍNEZ GONZÁLEZ, Rodrigo (PSdeG-PSOE)


Interventor do Concello
NON ASISTE

Secretario do Concello
Carlos López Quintáns

HORA DE INICIO: 12:05

HORA DE REMATE: 13:08

No Auditorio Municipal de Salceda de Caselas (habilitado ao efecto coma salón de sesións da Casa do Concello, en previsión da asistencia de máis público có habitual, de acordo co artigo 85.1.do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, ROF en adiante), sendo as 12:03 horas, tras convocatoria efectuada polo Señor Alcalde (En administración ordinaria, art. 194.2 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, LOREX en adiante) mediante decreto nº 219/2015 de 10 de xuño, no que se indicaba que " *En uso da atribución que me conferen os artigos 21.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local , e en cumprimento do establecido nos artigos 195.1 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de réxime electoral xeral (LOREX en adiante), segundo o cal "Las Corporaciones municipales se constituyen en sesión pública el vigésimo día posterior a la celebración de las elecciones, salvo que se hubiese presentado recurso contencioso-electoral contra la proclamación de los concejales electos, en cuyo supuesto se constituyen el cuadragésimo día posterior a las elecciones", e 37 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) convoco **sesión extraordinaria constitutiva do PLENO, para o sábado 13 de xuño de 2015, ás 12:00 horas** (en caso de que non concurrisen, ou non se puidesen comprobar as credenciais de polo menos a maioría absoluta dos/as Concelleiros/as electos, celebrarase sesión dous días despois, quedando constituida a Corporación, calquera que fose o número de concelleiros/as presentes) **no AUDITORIO MUNICIPAL** (habilitado ao efecto coma salón de sesións da Casa do Concello, en previsión da asistencia de máis público có habitual, de acordo co artigo 85.1.ROF) (...)", reúnense en sesión extraordinaria e constitutiva, e en primeira convocatoria, os/as señores/as corporativos/as electos/as expresados/as con anterioridade, para adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte*





ORDE DO DÍA:

- 1.-Constitución da nova Corporación.
- 2.- Elección do/a Señor/a Alcalde/sa-Presidente/a.

INICIO DA SESIÓN

1.-Constitución da nova Corporación.

Toma a palabra o sr. **Secretario** indicando que se convocou esta sesión por Decreto de Alcaldía de conformidade co artigo 195.1 LOREG e puntos da orde do día. Dá conta dos votos obtidos na circunscrición de Salceda de Caselas por cada unha das candidaturas presentadas ás eleccións locais celebradas o 24 de maio de 2015, e dos/as concelleiros/as electos/as por cada unha delas, segundo a copia da acta de proclamación remitida pola Xunta Electoral de Zona de Tui.

NÚMERO DE VOTOS OBTENIDO POR CADA CANDIDATURA
NÚMERO DE VOTOS OBTIDOS POR CADA CANDIDATURA

Nº	CANDIDATURAS CANDIDATURAS	VOTOS OBTENIDOS / VOTOS OBTIDOS		NÚM ELECTOS
		EN LETRA / EN LETRA	EN NÚM.	NÚM ELECTOS
			EN NÚM.	
1	MOVEMENTO SALCEDA	Dos mil douscentos uno	2.201	6
2	PARTIDO POPULAR	Mil setecientos noventa e cinco	1.795	5
3	PARTIDO DOS SOCIALISTAS de GALICIA-PSOE	Setecientos veintidos	722	2
4	BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASEMBLEAS ABERTAS	Doscientos cincuenta e dos	252	

Concelleiros electos pola candidatura presentada por Movemento Salceda:

1. BESADA PÉREZ, Marcos David (MS)
2. CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores (MS)
3. GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS)
4. PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS)
5. PÉREZ PÉREZ, Carla María (MS)
6. LORENZO GONZÁLEZ, Cándido (MS)





Concelleiros electos pola candidatura presentada polo Partido Popular:

1. RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP)
2. NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP)
3. GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, Mirian (PP)
4. GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP)
5. VALCÁRCEL BERNÁRDEZ, Ángela (PP)

Concelleiros electos pola candidatura presentada polo PsdeG-PSOE:

1. TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE)
2. MARTÍNEZ GONZÁLEZ, Rodrigo (PSdeG-PSOE)

O sr. Secretario sinala que a continuación se constituirá a mesa de idade, presidida polo concelleiro de maior idade, actuando como vogal o de menor idade. Di que as credenciais e DNI de todos os concelleiros xa foron presentadas, como tamén as declaracións de bens e intereses, comprobándose as mesmas. **Chama ao sr. Lorenzo González coma presidente de mesa de idade e tómalle xuramento preguntándolle** "D.-D^a CÁNDIDO LORENZO GONZÁLEZ ¿ XURADES OU PROMETEDES POLA VOSA CONCIENCIA E HONRA CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE CONCELLEIRO/A DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS E PRESIDENTE DA MESA DE IDADE NESTA SESIÓN CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN, CON LEALDADE A EL-REI , E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMA NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO?"

O sr. Lorenzo González contesta: SI, XURO. De seguido pasa a presidir a mesa de idade.

O sr. Lorenzo González na condición de presidente da mesa de idade chama a Dna. Mirian González Rodríguez para tomarlle promesa ou xuramento coma Concelleira e vogal máis xove da mesa de idade, de conformidade coa fórmula legal. Dna. Mirian González Rodríguez dá lectura da fórmula legal indicada no parágrafo anterior e xura e promete o cargo.

A seguir, a mesa de idade, por voz do seu Presidente, chama ao estrado por orde decrecente de idade aos/ás restantes Concelleiros/as electos/as: Núñez Troncoso, Joaquín (PP); Martínez González, Rodrigo (PSdeG-PSOE); González Souto, Primitivo (PP); Besada Pérez, Marcos David (MS); Tourón Domínguez, Verónica (PsdeG-PSOE); González Rodríguez, José Luis (MS); Rodríguez Davila, Santiago (PP); Castiñeira Alén, María Dolores (MS); Pérez González, María Teresa (MS); Pérez Pérez, Carla María (MS); Valcárcel Bernárdez, Ángela (PP).

Cada un dos concelleiros electos indicados XURAN E PROMETEN POLA SÚA CONCIENCIA E HONRA CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE **CONCELLEIRO/A** DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS CON LEALDADE AO REI E DE GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO.

Os sres. Besada Pérez e Rodríguez Davila no xuramento sinalado na parágrafo anterior engaden ao final do mesmo "E ao Estatuto de Autonomía de Galicia".

Realizada a operación anterior, **a Mesa declara constituída a Corporación** por concorrer todos/as os/as Concelleiros/as electos/as e tomar posesión de cadanseu cargo.





2.- Elección do/a Señor/a Alcalde/sa-Presidente/a.

O Señor Secretario explica que o artigo 196.1 LOREX establece que:

"En la misma sesión de constitución de la Corporación se procede a la elección de Alcalde, de acuerdo con el siguiente procedimiento:

- a. Pueden ser candidatos todos los concejales que encabezen sus correspondientes listas.*
- b. Si alguno de ellos obtiene la mayoría absoluta de los votos de los concejales es proclamado electo.*
- c. Si ninguno de ellos obtiene dicha mayoría es proclamado Alcalde el concejal que encabece la lista que haya obtenido mayor número de votos populares en el correspondiente municipio. En caso de empate se resolverá por sorteo. (...)"*

O Presidente da Mesa de Idade pregunta que candidaturas se presentan á Alcaldía. A mesa outorga a palabra a cada un/ha dos cabezas de lista das candidaturas presentadas:

O sr. Besada Pérez (MS) di que están nun acto democrático e deben romper a rixidez do acto e celebrar un día coma este. Di que é un día de ledicia. Agradece a todas as persoas que están, aos compañeiros da Corporación que toman posesión, a todos os veciños que avalaron o traballo feito por Movemento Salceda.

Manifesta que lerá a carta que enviou como candidato de Movemento Salceda a todos os electores, e propónse coma candidato a ser Alcalde. Dá lectura da carta. Di que se sente avalado para ser candidato e presentar a súa candidatura para ser Alcalde de Salceda. Agradece o traballo das persoas que todos estes anos estiveron traballando e non estarán na nova Corporación: Nato, Marina, Fernando, Emma, Martín. Di que a intención de Movemento Salceda era acadar un acordo de goberno co PSdeG-PSOE como ata agora pero que a día de hoxe non foi posible aínda que sempre terán un trato preferente á hora de chegar a acordos. Indica que tamén os compañeiros do PP que tiveron a labor de oposición nestes anos teñen contribuído votando a favor en acordos para defender os intereses dos veciños de Salceda. Pide o apoio a súa candidatura para seguir gobernando Movemento Salceda.

O sr. Rodríguez Davila (PP) dalle as grazas aos asistentes. En nome do PP dalle os parabéns aos novos concelleiros que conforman a Corporación. Agradece aos familiares de todos os concelleiros sobre todo daqueles que botaron a súa ausencia por mor do traballo adicado á Corporación. Agradece tamén a todos os concelleiros que non están na Corporación e que estiveron con anterioridade o magnífico traballo realizado de fiscalización. Sinala que farán unha labor rigurosa e contundente e que nos próximos meses anos se verá o seu resultado. Di que a oposición lla fixeron aos cargos públicos, non ás persoas privadas no ámbito da súa vida privada. Reitera que nos últimos catro anos a pesar de gañar as eleccións de forma clara centráronse en facer unha oposición rigurosa. Manifesta que os concelleiros do grupo municipal popular nin foron nin serán cómplices no despilfarro de fondos públicos. Sinala que un pacto lles impediu gobernar cando eran os máis votados. Di que irán contundentemente á oposición. Dá as grazas pola lealdade ao seu partido e a súa persoa, cousa que non poderán dicir outros.

Indica que os resultados das urnas falan e sinala os votos que obtivo cada candidatura. Di que no 2007 o BNG gañou as eleccións e gobernou, no 2011 gañou o PP pero non gobernou porque os que perderon se xuntaron nos despachos; dá as cifras totais dos votos de 2011 entre os partidos que se xuntaron e os votos que obtivo o PP. Di que no 2015 hai maior diferenza de voto entre os perdedores con respecto ao gañador. Di que os que perderon as eleccións no 2015 suman 316 votos máis con respecto aos que perderon as eleccións no ano 2011. Di que defenden que o que gane goberne. Di que teñen a lexitimidade para tentar gobernar pero non o farán e se absterán para presentar candidato e que con elo mostran coherencia e entendemento da democracia.





Pide respecto a cada unha das opcións políticas. Di que é importante asumir con humildade o que os veciños votan democraticamente nas urnas e que non se cambie nos despachos. Di que si no futuro próximo as condicións non son as ideais de gobernabilidade, en virtude do interese dos veciños e do interese xeral tomarán as medidas oportunas. Pídelle a cada un dos concelleiros respecto mutuo.

A sra. Tourón Domínguez agradece a confianza das máis de 700 persoas que votaron a PSdG-PSOE e a confianza dos veciños nos últimos 8 anos de goberno. Dalle a noraboa aos concelleiros entrantes e tamén aos que non están móstralles o seu agradecemento, en particular a Marina Cabaleiro. Di que os veciños elixen nas urnas o lugar no que teñen que estar cada un deles. Di que dixeron que non apoiarían a Alcaldía de Marcos Besada, que non pactarían co PP e que presentarían a súa candidatura e se votarían a si mesmos. Di que cumprirán con todo, que teñen que ser exemplo de honestidade e respetar a decisión das urnas, que entenden que con dous concelleiros teñen que estar na oposición pero que dende aí seguirán defendendo os intereses dos veciños e veciñas. Di que seguirán traballando dende a oposición e estarán aí sempre. Di que dende hoxe e máis que nunca poderán contar con eles. Proponse como candidata á Alcaldía.

O sr. Secretario di que existen dúas candidaturas presentadas á Alcaldía, a da sra. Tourón Domínguez e a do sr. Besada Pérez. Indica que, de acordo coa normativa vixente, a regra xeral para a elección do Alcalde é a votación ordinaria a man alzada.

Sometidas a votación as dúas candidaturas presentadas a Alcaldía, a do señor Besada Pérez obtén seis votos dos/as señores/as concelleiros/as da lista de Movemento Salceda, fronte á da sra. Tourón Domínguez que obtén dous votos dos/as señores/as concelleiros/as da lista do PsdG-PSOE.

O sr. Secretario explica que ao non acadarse a maioría absoluta por ningún dos candidatos, de conformidade co artigo 196 da LOREX, é proclamado Alcalde o sr. Besada Pérez por ser o concelleiro que encabeza a lista que obtivo un maior número de votos populares no municipio. **A mesa proclama electo coma Alcalde ao señor Besada Pérez.**

O sr. presidente de mesa de idade pídelle ao sr. Besada Pérez que xure o cargo como Alcalde. Marcos David Besada Pérez xura e promete POLA SÚA CONCIENCIA E HONRA CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE ALCALDE DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS CON LEALDADE AO REI E DE GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO E O ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA.



O sr. Secretario explica que como coincide o Alcalde saínte co Alcalde entrante, a entrega do bastón de mando e da medalla do Concello de Salceda de Caselas lla fará o sr. presidente da mesa de idade a D. Marcos David Besada Pérez. Faise a entrega do bastón de mando e da medalla do Concello de Salceda de Caselas. O sr. Besada Pérez pasa a presidir a sesión.

O sr. Besada Pérez dalle as grazas a todos e dalle a palabra aos compañeiros por si queren dicir algo.

O sr. Rodríguez Davila di que o PP tivo a oportunidade de cambiar o Alcalde e mostraron o seu respecto e coherencia. Dille ao sr. Alcalde que lle debe unha ou mellor dito dúas. Dalle a felicitación e indica que están para facer oposición e para axudar no que crea oportuno.

A sra. Tourón Domínguez dalle a noraboa ao sr. Alcalde e di que farán unha oposición responsable. Di que non comparte a opinión do PP porque o sr. Alcalde non lle debe nada a ninguén e que terán que respetar a decisión dos veciños. Di que quere deixar claro que non tiñan ningún acordo co PP para que fose ela Alcaldesa. Di que farán unha oposición construtiva en contra das desigualdades.





O sr. Besada Pérez dalle as grazas a todos. Manifesta que din que a distancia máis curta entre as persoas é a palabra. Di que ten demostrado que o diálogo e a negociación permanente é un dos eixes fundamentais da súa acción de goberno. Di que cando un veciño de Salceda ten un problema todos teñen un problema, que tentan que estes problemas sexan os menores posibles. Di que seguirán traballando como teñen feito dende o 16 de xuño de 2007 cando botou a andar un proceso de cambio e transformación. Agradece o traballo que fixo Marina Cabaleiro e que sin ela non sería posible iniciar un proceso de transformación independentemente das súas diferenzas. Di que sempre tomaron os acordos enriba da mesa e que era polo ben de Salceda e que os compañeiros do PSdeG-PSOE que están agora segurián facendo un traballo polo ben de Salceda. Di que o labor e posición do PP tamén é un labor central con importantes responsabilidades, e indica a súa máxima disposición para chegar a acordos respectando as súas diferenzas ideolóxicas e de carácter. Di que a distancia será unicamente a palabra e que mal farían ir máis alá dos problemas, que requiren negociación e falar.

Sinala que no mes de novembro unha parella lle pediu de oficiar o seu casamento o 25 de xullo e lles contestou que non sabía si o faría como Alcalde; ao que eles lle dixeron que estivese tranquilo que estaría de Alcalde. Di que cumprirá con ese compromiso e que é home de palabra.

Agradécelle a súa familia que son os grandes damnificados. Conta que a súa filla Sabela lle preguntou si seguiría sendo Alcalde. Di que fará ese esforzo pero que tentará cumprir con Sabela e coa súa muller.

Sinala que no 2001 un 17/05/2001 se comprometu co pai de Cándido en Santiago, na Praza da Quintana, para que fixera todo o posible para que o cambio chegase a Salceda. Di que non sabe si o está mirando pero si o fai será cun sorriso cómplice. Manifesta que recolle a luva de Santiago e Verónica para seguir negociando e falando permanentemente.

Mostra o seu agradecemento a Nato coma unha figura para el fundamental e fai referencia á cita de Bertolt Brecht "hai homes que loitan un día e son bos; hai outros que loitan un ano e son mellores; hai quen loitan moitos anos e son moi bos; mais hainos que loitan toda a vida: eses son os imprescindibles." Di que Salceda lle debe moito a Fortunato Álvarez como unha persoa que representa os valores humanos e que estará aí para o que faga falta. Lembra a figura do pai de Nato que nunha ocasión lle deu un consello "escoitar a todo o mundo, guiarse pola cabeza dun".

Cita a Nelson Mandela "todo parece imposible ata que se fai". Di que deixarán a última pinga de sudor para solucionar os problemas dos veciños de Salceda. Di que terá o amplo apoio da maioría social. Di que son Salceda, que é o Alcalde de todos independentemente da ideoloxía de cada un. Proclama: "Viva Salceda, Viva Galiza, Adiante!!!"

Finalizada a súa Intervención, procede á sinatura da acta de arqueo elaborada pola Intervención e a Tesouraría, e a tomar razón do informe da Secretaría do Concello relativo ao inventario municipal de bens e dereitos.

Non habendo máis temas que tratar, ás 13 horas e oito minutos, o Señor Alcalde levanta a sesión, da que estendo a presente acta (que consta de seis páxinas numeradas do un ao seis, e por min asinadas e seladas co carimbo do Concello, impresas en papel timbrado da Corporación até a súa elevación ao correspondente libro), que asina o sr. Alcalde do que, coma Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE

Marcos David Besada Pérez

O SECRETARIO DO CONCELLO

Carlos López Quintáns

